

**EDICTO**

**Exposición pública e cobranza do
padrón fiscal da taxa polo abastecemento de auga
correspondente ao 1º trimestre de 2021**

Ponse en coñecemento de todos os contribuíntes afectados, que **por Resolución da Alcaldía, núm. 230/2021**, de data 3 de maio, **aprobose o padrón fiscal da taxa polo abastecemento de auga correspondente ao primeiro trimestre de 2021**, que ascende a un **importe total de facturación de 11.948,63 euros**, cos seguintes datos técnicos e económicos:

Número Liquidacións	323
Volume Abastecemento	7.487 m3
Total Padrón	9.167,16 €
Canon da Auga da Xunta de Galicia repercutido (*)	2.781,47 €

O citado padrón quedará **exposto ao público nas oficinas xerais do Concello durante o prazo de quince días hábiles, contado a partir do día seguinte ao da publicación no BOP do presente edicto**, que ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

Durante o mencionado prazo, os interesados poderán examinalo en horario de atención ao público e presentar contra os actos que se notifican as reclamacións e recursos que estimen oportunos. Para os efectos de obtención da información pertinente, poderán contactar coa administración tributaria municipal a través do correo electrónico atencion.tributaria@concellodevedra.com e do teléfono 881074414.

De conformidade co establecido no artigo 108 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, contra as liquidacións contidas no padrón fiscal os interesados poderán formular, perante a Alcaldía e dentro do prazo dun mes -contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública- o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A facturación deste padrón será presentada aos obrigados tributarios para o seu cobro a partir do día 20/05/2021; mediante domiciliación bancaria, para os contribuíntes que elixiron esta forma de pago, ou mediante ingreso na conta institucional do Concello de Vedra na entidade colaboradora ABANCA, para os contribuíntes que non teñan domiciliado o pagamento, tendo que presentar na oficina bancaria, neste suposto, a factura remitida por correo ao enderezo facilitado polo contribuínte. En calquera caso, respecto do pagamento, aplícase o establecido no parágrafo segundo do artigo 62.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, **fixándose o prazo máximo do período voluntario ata o último día do mes de xullo de 2021**. Transcorrido o prazo de voluntaria sen que se efectúe o ingreso, as débedas poderán esixirse pola vía de constrinximento, coas recargas, xuros de demora e costas que procedan.

(*) Advírteselle aos obrigados tributarios que, no caso de falta de pagamento das facturas, a recadación do canon repercutido será de competencia do Ente Augas de Galicia a partir do período dun ano, dende a declaración destes importes como impagados nas autoliquidacións cuatrimestrais municipais; e a partir deste período, o canon da auga correspondente ás ditas facturas será esixido directamente aos contribuíntes pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. Así mesmo, que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a presente notificación (Artigo 49 do Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais, aprobado polo Decreto 136/2012, de 31 de maio).

Vedra, 3 de maio de 2021.

O ALCALDE,

Carlos Martínez Carrillo